

Aula de reciclaxe e consumo responsable

Unha experiencia de Aprendizaxe-Servizo para o fomento da integración mediante a formación en reciclaxe

Responsables: María José Abad López e Ana Isabel Ares Pernas
Escuela Universitaria Deseño Industrial

Aula de reciclaxe e consumo responsable

Un reto: Formación de persoas en risco de exclusión social

Contextualización:

- 12 alumnos 4º curso da asignatura Deseño e Procesado con Polímeros do Grao en Enxeñaría en Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto.
- 6 persoas do “Programa de Emprego” e 5 mulleres árabes do “Taller de Costura” da entidade Cáritas-Diocesana Mondoñedo- Ferrol
- Aulas da entidade colaboradora



A acción de servizo:



A acción de aprendizaxe (competencias):

Os estudantes da UDC imparten un curso de reciclaxe de plásticos con dobre finalidade:

- Taller de Emprego: Fomentar o consumo responsable e dar formación para a búsqueda de emprego
- Grupo do “Taller de Costura”: Fomentar o consumo responsable, valores de convivencia e integración social e respecto polo medioambiente

Aplicación de habilidades e coñecementos impartidos na materia
Capacidade de deseño, redacción e dirección de proxectos en todas as fases
Capacidade de organización, planificación, análise e síntese
Traballar de forma colaborativa. Dinámicas de grupo e traballo en equipo
Conciencia da realidade social e da utilidade para cambiala- Cidadanía responsable

Aula de reciclaxe e consumo responsable

Cronograma da actividade (Curso 2015/2016)

Outubro-
Novembro

Selección dos alumnos participantes e formación de equipos
Preparación de materiais polo alumnado da UDC (presentacións, experimentos, material audiovisual). Tutorización e avaliación do traballo (Rúbrica)

17 Novembro

Primeiro taller



18 Novembro

Segundo taller



27 Novembro

Visita Sogama



Decembro

Avaliación dos resultados da actividade e das competencias acadadas polos alumnos

Aula de reciclaxe e consumo responsable

Evaluación da satisfacción da actividade dos distintos axentes involucrados

a) Por parte da entidade colaboradora

b) Por parte do profesorado da UDC



A valoración por parte destes dous axentes foi moi positiva, proba diso é que no segundo cuatrimestre deste mesmo curso está en marcha outra actividade na materia Fundamentos de Física. Esta nova actividade, con nenos en risco de exclusión social, será tutorizada polos mesmos docentes.

Como puntos fortes da avaliación destes dous axentes destacou a gran implicación observada nos universitarios e a satisfacción observada nos adultos. Como punto débil ambos sinalaron a insuficiente duración da actividade, que será aumentada no próximo curso

c) Por parte do alumnado de Cáritas-Ferrol

d) Por parte do alumnado da UDC

A valoración por parte do alumnado de Cáritas e do alumnado da UDC foi moi positiva como se reflexa nos resultados das enquisas. Os ítems ós que responderon atópanse resumidos na parte inferior das gráficas



Aula de reciclaxe e consumo responsable

Evaluación da satisfacción da actividade dos distintos axentes involucrados

Comentarios das enquisas dos adultos en risco de exclusión social

- “Gustoume moito o contacto cos universitarios”
- “Agradezo moito que perderan a mañá en virnos a ensinar todas estas cousas”
- “Non tiña nin idea de que había cousas que estaba a separar mal nos contenedores”
- “Pareceme moi útil a información que nos deron para a nosa vida diaria e para a búsqueda de emprego”
- “Os estudantes tiveron moita paciencia para comunicarse con nós”
- “Traballar no sector do reciclado non me gustaría”
- “Non coñecía a impresión 3D e sorprendeume moito”


Comentarios das enquisas dos estudantes da UDC

- ✓ “O ter que preparar a materia para explicarlle a outras persoas fai que teña que prestar máis atención e aprendela mellor”
- ✓ “O participar nesta actividade creou unha relación moi boa cos meus compañeiros e coas profesoras”
- ✓ “Gustoume o contacto coa entidade Cáritas pois non coñecía a súa labor”
- ✓ “Gustaríame destacar os problemas que tivemos coas mulleres árabes polo seu escaso dominio do idioma, a verdade non contábamos con iso e penso que soubemos adaptar a nosa presentación”
- ✓ “É moi difícil manter a atención do público, agora entendo mellor aos docentes”
- ✓ “Penso que me foi máis sinxelo aprender conceptos se me comparo cos compañeiros que non participaron na actividade”
- ✓ “Espero que isto sirva a estas persoas para cambiar en algo a súa situación”

Aula de reciclaxe e consumo responsable

Conclusións:

- Os alumnos da UDC trataron de adecuar os conceptos tratados ó nivel de comprensión e estudos dos asistentes á actividade e en todo momento trataron de empatizar con eles.
- Os alumnos demostraron acadar os obxetivos dada a calidade das presentacións que fixeron e o interese amosado durante toda a actividade
- Todos os axentes implicados mostraron a súa satisfacción coa actividade e o seu interese por repetir a experiencia.
- O grupo do “Taller de emprego” encontrou a formación moi útil á hora de buscar emprego. O grupo do “Taller de costura” (mulleres árabes), a pesar do problema inicial do idioma, foi un grupo moi activo e que acadou unha gran empatía cos estudantes universitarios
- Dende o punto de vista académico constatouse que os alumnos adquiriron os coñecementos da materia con maior facilidade que os seus compañeiros, pola ventaxa que supón o aprendizaxe baseado na experiencia.
- A avaliación de competencias, tanto da materia como as transversais resulta moito máis sinxela porque se pode observar e avaliar ao alumno e ao grupo durante todo o proceso.
- Os alumnos trala actividade ApS son capaces de valorar a importancia que o seu traballo pode ter no avance socioeconómico e cultural da sociedade



Obtención de parte das competencias da materia Deseño e Procesado con Polímeros. Grao Enxeñaría en Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto